

CONCURSO PORTADA DE LIBROS



O **Equipo de Dinamización Lingüística (EDLG)** en colaboración coa **Biblioteca Escolar Carabela**, organizan un concurso de deseño de cubertas de libros. Con esta iniciativa preténdese fomentar a lectura en galego así como potenciar as capacidades creativas do alumnado.

Moito ánimo e deixade voar a vosa imaxinación!

BASES

1.- Dirixido a: todo o alumnado do CPI Conde de Fenosa que poderá participar con un máximo de 3 obras.

2.- Tema: O concurso ten por obxecto a creación dun deseño gráfico para a portada ou cuberta dun libro que o alumno/a lera. Na portada ten que constar o título e o nome do autor do libro ademais da decoración que o alumno/a desexe engadir: fondos, fotos, debuxos, distintos tipos de letras, diversos materiais, etc.

O libro pode ser de calquera xénero: poesía, conto, novela, teatro, ensaio, divulgación...

3.- Formato: Tamaño mínimo un cadrado de 21x21 cm. e máximo un A3 (29,7x42 cm). Pódese variar a forma do soporte sempre que quede dentro das dimensións mínimas e máximas sinaladas.

4.- Técnica: Poderase utilizar calquera tipo de técnica bidimensional: rotuladores, lapis, témperas, collage, banda deseñada, etc. Tamén se poden combinar técnicas: letras a ordenador e debuxos á man, fondos de témpera e un collage superposto, composicións feitas con volume e despois fotografadas, etc.

5.- Soporte: En función da técnica, os traballos pódense entregar en papel, cartolina, cartón, táboa, lenzo ou como un arquivo informático, se é o caso, dun traballo feito por ordenador.

6.- Data e lugar de entrega: A data límite de entrega é o luns 5 de maio de 2014. Os traballos entregaranse na Biblioteca ou aos responsables do EDLG.

7.- Premios: Os diplomas e premios entregaranse na semana das Letras Galegas. Outorgaranse varios premios en función das idades. Con todos os traballos presentados realizarase unha exposición no centro así como a súa presentación a través dos blogs do EDLG e da Biblioteca.

8.- Xurado: O xurado estará composto polo ilustrador aresán Antonio Seijas e por profesorado do centro.